
Oferta de emprego para o desenvolvemento da forxa de mancomun.org

- Actualizado (22.12.2006)

O Vicerreitorado de Calidade e Harmonización Europea convoca un contrato de traballo de persoal de asesoramento lingüístico para o desenvolvemento do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria (en adiante CII) e a Universidade da Coruña (en adiante UDC) para a dinamización e coordinación dos proxectos de localización e creación de software en galego baixo a supervisión da Oficina de Sólware Libre da UDC.

O obxecto desta convocatoria e a contratación laboral dunha persoa que, baixo a supervisión da Oficina de Sólware Libre da UDC, farase cargo das tarefas de asesoramento lingüístico da forxa (espazo web) de sólware integrada en mancomun.org, e para a dinamización dos proxectos de localización ou creación de software, manuais e documentación en galego...

Esta oferta de emprego tamén foi enviada a lista de "Ofertas de traballo relacionadas co Software Libre" que publicamos hoxe mesmo.

Oferta completa [.pdf]